

Título	No labirinto
Persoas	2 facilitadores
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Sensibilizar sobre situacións de violencia cotiá - Promover debate, reflexión e introspección - Favorecer o diálogo e a expresión de opinións e sentimentos
Enfoque	Representar situacións de incipiente non boa relación de parella e ter conseguíntes conversas a modo de teatro foro sobre cada unha delas.
Materiais	Textos
Descrición	
Tempos	Paso a paso
10'	Introdución
10'	Preparacións Cada un dos grupos prepara unha representación
20'	Presentación de cada escena Reflexionar sobre cada escena <ul style="list-style-type: none"> - que vimos - que sentimos - que pensamos
15'	Reflexionar en xeral <ul style="list-style-type: none"> - que sacamos en limpo - que aprendemos
Memoria	
Fonte	<i>En el Laberinto... Manual de uso de la campaña #No te pierdas. Sin Libertad no hay amor</i> http://www.juntadeandalucia.es/institutodelamujer/index.php/recursos-y-servicios/cdmz/en-el-laberinto
Apéndice	<p>SITUACIÓN 1</p> <p>Narrador/a: Pedro está co grupo cando chega Ana. Ana dálle un bico a Pedro e, antes de ter tempo de saudar ás demais persoas, Pedro preguntalle:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedro: A onde vas con esa saia? Encolleuche ou que? - Ana: Que lle pasa? - Pedro: Que que lle pasa? Que vas ensinándoo todo! - Ana: Boh, que esaxerado! Sempre con bromas! - Pedro: Pero é que non o entendes? Só me preocupo por ti! Os tíos poden mirarte e pensar que estás buscando plan... - Ana: Non creo que sexa para tanto. Ademais, encántame a miña saia. - Pedro: Esa saia faite máis gorda e parece que tes un pandeiro enorme ...

- Ana: (Dubidando) Ti cres?
- Pedro: Seguro!
- Ana: Ben, vale, non a volverei a poñer ...
- Pedro: Non, o que tes que facer é volver á túa casa e cambiala. Eu así, non vou contigo a ningures.
- Ana: Non vou discutir por unha parvada e amargar a tarde. Ireime cambiar ... Noa, vés comigo?

SITUACIÓN 2

Narrador/a: Ana está co grupo e está pasándoo moi ben. Pedro non saíu con eles/elas porque ten que estudar para un exame. O móbil de Ana vibra e ela mira ...

- Ana: Vaia, xa a liei!
- Rosa: Que pasa?
- Ana: Quiteille o son ao móbil e teño 15 chamadas perdidas de Pedro.
- Rosa: A ver se lle pasou algo ..
- Ana: Non, que va! Tamén me mandou unha morea de whatsapps. Só quere saber onde estou e con quen.
- Rosa: E para iso te chama 15 veces? Que pasa, que non se fía de ti?
- Ana: Non é iso. É que me quere... e preocúpase. Vou pasar pola súa casa para darlle un bico. Abur...

SITUACIÓN 3

Narrador/a: O grupo decidiu ir a unha festa. Ana quere ir, pero Pedro prefere que queden no parque.

- Pedro: Eu non vou ir e Ana queda comigo.
- Ana: Pero que dis? Teño ganas de estar contigo, pero hai moito que non vexo algunhas amigas que van ir. Non ves que cada vez facemos menos cousas cos nosos amigos?
- Pedro: Eu non quero ir. Cando imos a festas pasas todo o tempo falando con outra xente e a min non me fas caso ningún.
- Ana: Iso non é así e sábelo!
- Pedro: Ademais, que me poño moi celoso de como te miran os tíos. Se vas facer o que queiras, mellor cortamos. Eu non quero ser un desgraciado.
- Ana: Non, iso non, cariño. Se non queres, pois non imos...

SITUACIÓN 4

Narrador/a: Ana está falando cun mozo no bar onde está todo o grupo. Pedro está con dous amigos, pero mirando continuamente cara a onde está Ana. Nun momento en que o mozo co que está falando Ana vai á barra a pedir, Pedro achégase a Ana e agárraa forte polo brazo.

- Pedro: Ti de que vas?
- Ana: Ai, asustáchesme! Que che pasa?
- Pedro: Xa está ben do xogo que levas con ese tío, non? Quen é? (sen soltarlle o brazo)
- Ana: De que falas? É un amigo de Patricia e estábame a contar cousas moi interesantes do grupo de teatro que está montando.
- Pedro: Si, xa! Ese o que quere é liarse contigo! E ti poñéndolle cara de parva! Veña, marchamos de aquí! (tirándolle do brazo)
- Ana: (Intentando que a solte) Por que me teño que ir? Xa estou farta dos teus celos!
- Pedro: Non me fagas enfadar, que xa sabes que é peor! Que marchamos, dixen!